



ACTA Nº 2 DO XURADO QUE INTERVÉN NO CONCURSO DE IDEAS PARA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA DA ÁREA DA PANIFICADORA DO PEPRI DO CASCO VELLO DE VIGO.

DATA: 15 de marzo de 2017.

HORA: 9:45 horas.

ASISTENTES:

- **Presidencia:** D^a. María José Caride Estévez, Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- **Vogais:**
 - D. Alberto Escariz Couso, Interventor da Xerencia Municipal de Urbanismo.
 - D. José Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.
 - D. Jaime Aneiros Pereira, Concelleiro de Facenda do Concello de Vigo.
 - D. Carlos Hernández Figueruelo, Xerente de Urbanismo do Concello de Vigo.
 - D. Rosa Eguizábal Gándara, Directora do Departamento de Promoción Económica do Consorcio da Zona Franca de Vigo.
 - D. José Ramón Torres Freire, Director do Departamento de Servizos Técnicos e Obras.
 - D^a. María Luisa Sobrino Del Río, Xefa da Area Técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo.
 - D^a. Concepción Cameselle Solá, arquitecta Responsable de Barrios Históricos do Concello de Vigo.
 - D^a Belén Suárez Massó, arquitecta do Servizo de Urbanismo de Pontevedra (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia).
 - D. Antonio Davila Alonso, arquitecto designado polo COAG.
 - D. José Luis Pereiro Alonso, arquitecto designado polo COAG.
 - D^a. Marta Riobó Ibáñez, Xefa da Area de Xestión Patrimonial e Territorial do Concello de Vigo.
- **Secretario:** Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Non asiste D^a. María Elena Parajó Calvo, Xefa do Servizo de Arquitectura e Etnografía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, nin D. Carlos Quintáns Eiras, arquitecto designado a proposta dos concursantes.





LUGAR: Sala de Xuntas da Casa do Concello (1º andar).

Sendo as 9:45 horas, estando presentes os membros do Xurado do concurso de ideas para a ordenación urbanística da área da Panificadora no PEPRI Casco Vello de Vigo arriba sinalados, iníciase a reunión tomando a palabra a Presidenta deste Xurado.

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a acta da sesión do día 9.02.2017, na que se constituíu o Xurado e procedeuse á apertura do sobre "B".

2. CONSIDERACIÓN DO INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA E, NO SEU CASO, APROBACIÓN.

A Presidenta do Xurado expón o traballo desenvolvido pola Comisión Técnica, que avaliou 33 traballos (lembra que dos 35 traballos presentados tivéronse que excluír 2: un -o número 28- por parte da Comisión Administrativa, por non incluír no paquete os tres sobres requiridos e outro -o número 27- por parte da Comisión Técnica, por non respectar o anonimato ó incluír a documentación persoal no soporte dixital da proposta técnica).

Ponse de relevo a unanimidade dos membros da Comisión Técnica ó destacar 4 traballos sobre os demais (o número 5, o número 12, o número 13 e o número 14). O mesmo tempo e cos matices que comenta o representante do Consorcio da Zona Franca, existiu unanimidade en salientar o traballo número 5 sobre os outros tres elixidos.

Toman a palabra diferentes membros da Comisión Técnica para motivar a elección destes traballos, realizando explicacións ó conxunto do Xurado fronte ós paneis presentados polos candidatos seleccionados. Ditas explicacións, de forma sintética, recóllense na acta-informe da Comisión Técnica que se incorpora ó expediente. Neste documento exprésase, así mesmo, a puntuación outorgada a cada un dos catro traballos seleccionados en función dos criterios fixados polo prego que rexía este concurso:

- A) Calidade e funcionalidade.
- B) Viabilidade económica.
- C) Nivel de desenvolvemento.

O traballo que a Comisión Técnica propón como gañador, con 72 puntos, é o número 5.

A representante do Consorcio da Zona Franca cuestiona que neste traballo se estudara suficientemente a viabilidade económica. Os membros da comisión





argumentan que o estudio da viabilidade se tivo en conta na puntuación, pero que non era o criterio máis relevante e o que determinou a súa proposta.

O conxunto do Xurado aproba unanimemente a proposta do Xurado, resultando como traballo gañador o sinalado co número 5 e decidindo outorgar tres mencións especiais ós números 12, 13 e 14.

3. APERTURA DO SOBRE A (Documentación persoal): GAÑADOR E MENCIONS ESPECIAIS.

Procédese a apertura do sobre A (documentación persoal) dos traballos seleccionados, resultando:

1.- Gañador do concurso de ideas:

D. Jorge Salgado Cortizas e D. Celso López Martín (traballo número 5).

2.- Mencions especiais:

D^a. Cándida Martínez Pazos (traballo número 12).

D. Rodrigo Jesús-Portanet Fontana e D. Pablo Menéndez Paz (traballo número 13).

D. Alfredo Sirvent Silveira (traballo número 14).

E sen máis asuntos que tratar, dáse por rematada a sesión ás 11:00 horas do día arriba sinalado.

